

Dar raizames

Infantil Montalbán fomenta a interculturalidade nos detalles

Estás na lúa · Carmen Montalbán, Pilar Millán (ilustracións) · Kalandraka, 2008 · 32 páx · 19 euros



Kalandraka vén de publicar *Estás na lúa*, a primeira creación xuvenil da escritora extremeña Carmen Montalbán, unha obra narrada cunha sensibilidade e cunha sinxeleza exquisitas que se completa coas marabillosas –pola súa sinxeleza, colorido e forza– ilustracións de Pilar Millán. Baraka é unha nena saharauí que vive coa súa avoa Baía e as súas tres tías nun poboado do Sáhara namentres o seu pai traballa na construción na Península. A avoa, nun proceso de Alzheimer fulminante, comeza a esquecerlo todo, mesmo ese pasado que anteriormente lle contaba á neta e que se centraba en como fora a súa vida antes da guerra que o cambiou todo. No conflito bélico, o seu home, Abdulá “o Luná-

tico”, falecera coa primeira explosión dunha bomba e ela e o pai de Baraka víranse obrigados a abandonar o seu fogar. Un fogar que, como unha fiestra en conexión coa súa vida anterior, vai lembrar cando os recordos lle produzan idéntica sensación ca un labirinto enguedellado do que non se atopa a saída. Mais a neta, con raizames para as dúas, decidírase a recontarlle o seu pasado, facéndolle pasar polo corazón o perfil das súas pertenzas, a teima do seu querido Abdulá por traballar na NASA ou a importancia do espazo de seu como centro xeométrico dun mundo propio. Para cumprir este obxectivo, a protagonista escribirlle cartas á avoa simulando ser a casa que un día tivo que deixar, e que, paseniñamente, irá mutando en castelo con fantasmas, en chalé en Asturias, en rañaceos en Madrid e en todo o que sexa necesario para reiventarse cada día e espertar a mente adurmiñada de quen a habitou.

Amáis desta relación de estreita complicidade entre Baraka e Baía –afortunadamente non exenta de contradicións–, a obra fomenta unha



Estás na lúa. // **Pilar Millán**

interculturalidade non presenta- da nun primeiro plano, mais que se pode apreciar fondamente nos pequenos detalles, neses que nun principio non teñen importancia. As impactantes sensacións que vive Baraka cando viaxa en avión, o seu especial xeito de percibir a chuva ou simplemente a importancia que lle concede a unha billa constituíense en pequenas chaves que suscitarán a reflexión no lectorado. A este fondo

da novela, Montalbán engade esperanza –a protagonista poderá estudar cine cumprindo así o seu soño–, ensinanzas vitais –coma aquela que nos di que certas equipaxes “non van e veñen, senón que están contigo toda a vida”– e a idea de que, no medio do non coñecemento, sempre hai un intre –case máxico– en que se recupera a consciencia de que as raizames, nesta ocasión, son para dúas.

// Montse Pena Presas